



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA NOVE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (1/2025)**

Na Casa do Concello de Monfero, ás once horas e vinte e catorce minutos do día nove de xaneiro de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, alcalde en funcións, por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnense os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día ás dez horas e trinta minutos.

Actúa como Secretaria, D.<sup>a</sup> Ana Ramos Ramos, secretaria en réxime de acumulación.

Os asuntos da orde do día son os seguintes:

1. Ratificación do cambio de data da Xunta de Goberno Local do mes de xaneiro de 2025
2. Aprobación da acta da sesión do día 27 de decembro de 2024
3. Recoñecemento de trienios
4. Licenza para tenencia de animais potencialmente perigosos
5. Asuntos urxentes

#### **1. RATIFICACIÓN DO CAMBIO DE DATA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO MES DE XANEIRO DE 2025**

O Sr. Alcalde en funcións indica que se determinou convocar a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria na data indicada, debido a cuestións de axenda que facilitan agrupar sesións de órganos colexiados para unha mellor xestión do tempo e da organización do traballo.

#### **2. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 27 DE DECEMBRO DE 2024**

Sr. Alcalde en funcións preguntalles aos asistentes se teñen que facer algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou con anterioridade á convocatoria desta sesión no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello, e non formulan ningunha. O Sr. Alcalde en funcións, ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión do día 27 de decembro de 2024 se considera aprobada sen ningunha obxección por UNANIMIDADE dos presentes.

#### **3. RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS**

A Sra. Secretaria-Interventora da conta da solicitude da persoa interesada, do informe do Negociado de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

Emprego da AEDL do Concello, e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que se transcribe literalmente deseguido e que, como o resto da documentación do expediente electrónico, consta asinada dixitalmente nel:

### “PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

#### RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS

Logo de ver a solicitude que consta no expediente da/o empregada/o pública/o que responde ás iniciais B.M.A., rexistrada de entrada neste Concello o día 7 de xaneiro de 2025, co número 202500000000241, e os informes, antecedentes e o resto da documentación complementaria que consta no expediente 2025/E005/000002.

Propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Recoñecerlle o seu dereito ao quinto trienio como persoal laboral fixo deste Concello, grupo E, con efectos desde o día 1 de xaneiro de 2025.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por UNANIMIDADE, acorda aprobar a proposta.

#### 4. LICENZA PARA TENENCIA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS

A Sr. Secretaria-interventora dá conta da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que, xunto coa documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que se transcribe literalmente deseguido:

### “PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Sesión XGL do día 11 de decembro de 2024

#### LICENZA PARA TENENCIA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS

Logo de ver a solicitude presentada pola persoa que responde as iniciais V.P.C., de licenza para a tenencia de animais potencialmente perigosos correspondente ao expediente administrativo TEDEC 2024/X003/000002, e a documentación que a acompaña, presentada en data 17 de outubro de 2024, con número de Rexistro de Entrada 202400000000925.

Tendo en conta os seguintes antecedentes:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

A persoa que responde as iniciais V.P.C., con DNI \*\*\*1372\*\* e con domicilio no lugar de A Eive – Santa Juliana, Monfero - A Coruña, solicitou a licenza administrativa para a tenencia de animais potencialmente perigosos (exp TEDEC 2024/X003/000002).

Considerando que:

1.- O solicitante cumpre cos requisitos establecidos no art. 3 do Real decreto 287/2002, do 22 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos, e no art. 17 da Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

2.- Que acredita os requisitos esixidos no art. 3.1. do citado Real decreto 287/2002 e, achega, xunto coa solicitude de Licencia, a seguinte documentación:

- a) Certificado de antecedentes penais
- b) Certificado de antecedentes por infraccións administrativas á Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da posesión de animais potencialmente perigosos.
- c) Certificados de capacidade física e de aptitude psicolóxica.
- d) Acreditación de ter formalizado un seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros cunha cobertura non inferior a cento vinte mil euros.

Visto o informe técnico favorable coa concesión, de data 12/12/2024

Tendo en conta que a solicitude de licenza, coa documentación que se achega, está completa e na tramitación dos expedientes observáronse as prescricións legais aplicábeis, propóñolle á Xunta de Goberno local, a adopción dos seguintes acordos:

1.- Conceder a persoa que responde as iniciais V.P.C., a licenza administrativa para a posesión de animais potencialmente perigosos, que terá unha validez de 5 anos, de acordo co apartado 3.º do citado art. 3 do Real decreto 287/2002 de marzo. Segundo este mesmo apartado, a licenza poderá ser renovada por períodos sucesivos de igual duración; no entanto, perderá a súa vixencia no momento en que o titular deixe de cumprir calquera dos requisitos esixidos para o seu outorgamento.

A concesión da presente licenza administrativa obriga ao estrito cumprimento das medidas de seguridade esixidas no reiterado Real decreto 287/2002, e responsabiliza ao seu titular do incumprimento de calquera delas.

2.- Notificarlle o presente acordo de concesión da devandita licenza ao interesado, para que, no prazo de 15 días, de non telo feito, solicite a inscrición do animal no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos, para o que será necesario que entregue, de ser o caso, a seguinte documentación en orixinal:

- a) Datos persoais do posuidor
- b) Características do animal que fagan posible a súa identificación: Idade, especie, raza, características externas e número de microchip mediante a copia da cartilla de vacinación.
- c) Lugar habitual de residencia do animal.
- d) Función/aptitude do animal (compañía, defensa, caza...)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

En Monfero, na data da súa sinatura dixital polo Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por UNANIMIDADE, acorda aprobar a proposta

### 5. ASUNTOS URXENTES

Pola alcaldía indícase que o expediente que se exhibe, atópase finalizado e coa xustificación do seu carácter de urxencia, por non retrasar a resolución do expediente, propónse previa ratificación da urxencia por UNANIMIDADE dos presentes, incluír na orde do día o seguinte expediente:

EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN 2024/C004/000003 DO SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE MONFERO

A Sr. Secretaria-interventora dá conta da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto que, xunto coa documentación, consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico e que se transcribe literalmente deseguido:

#### **“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA**

Logo de ver o acordo da Xunta de goberno local do 27/12/2024, de aprobación do expediente de Contratación do servizo de limpeza de edificios e instalacións do Concello de Monfero, e detectados uns erros no documento do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a citada contratación, propóñolle a Xunta de goberno local a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar o novo documento do prego de cláusulas administrativas modificado, asinado o 9/01/2025.
2. Continuar co procedemento de contratación e manter invariables o resto dos puntos acordados na sesión realizada o 27/12/2024.

O alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo “

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por UNANIMIDADE, acorda aprobar a proposta.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás once horas e trinta e seis minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, certifícoo.

O Alcalde en funcións

A Secretaria en réxime de acumulación

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



## CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

D. Alberto Cortizas Rejo

D.<sup>a</sup> Ana Ramos Ramos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)